

Martes, 2 de xuño de 2020

Núm. 104

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

#### *DECRETO DE HABILITACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE COPIAS ELECTRÓNICAS AUTÉNTICAS*

*Expediente: 2020/AE/000006*

#### ANUNCIO

En data 22.05.2020 ditouse o seguinte Decreto:

#### *“DECRETO DE ALCALDÍA DE HABILITACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE COPIAS ELECTRÓNICAS AUTÉNTICAS*

O artigo 27.1 da Lei 39/2015 establece que cada administración pública determinará os órganos que teñan atribuídas as competencias para a expedición de copias auténticas de documentos públicos administrativos ou privados; e continúa indicando que as entidades locais poderán realizar copias auténticas mediante funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada, e que se deberá manter actualizado un rexistro onde consten os funcionarios habilitados para a expedición de copias auténticas, aos efectos de comprobar a validez da citada habilitación.

Vista a proposta de delegación da Secretaría e o Decreto da Alcaldía polo que se crea o Rexistro de funcionarios habilitados de data 22/05/2020 ditado en virtude do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas esta alcaldía,

#### DECRETA:

*Primeiro.*—Atribuír a validez e eficacia das copias realizadas nos termos previstos no artigo 27 da Lei 39/2015

*Segundo.*—Determinar que todo o persoal funcionario do Concello de Pontevedra que exerce labores de tipo administrativo estará habilitado para a realización de copias electrónicas auténticas de documentos papel, en aqueles expedientes da competencia do servizo ou unidade administrativa á que estean adscritos en cada momento, dende o momento da súa alta no programa de seguimento de expedientes, onde se deixará constancia da data de alta na habilitación.

*Terceiro.*—A habilitación estenderase por tempo indefinido, sen prexuízo de súa finalización automática no momento en que o funcionario deixe de prestar servizos no Concello de Pontevedra.



Martes, 2 de xuño de 2020

Núm. 104

*Cuarto.*—A habilitación que se atribúe no apartado anterior terá efectos dende a data do presente decreto e daráselle a debida publicidade, na sede electrónica do Concello de Pontevedra

*Quinto.*—Ordenar a publicación do presente decreto no Boletín oficial da Provincia así como na sede electrónica municipal.

Así o decreta e ordena o Excmo. Sr. alcalde, na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o secretario da administración municipal.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos

Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

